

Suso de Toro, escritor: "Esforceime nos anos 80 por ofrecer outra visión da Galiza"

Land Rover (Edicións Xerais, 1988) volta ás librarías nunha nova edición revisada polo seu autor, Suso de Toro (Santiago, 1956). Publicada por vez primeira nos anos 80, a historia de dous irmáns que afondan no seu pasado familiar dunha maneira trágica, reclama o seu oco case cincuenta anos despois de ver a luz. De Toro lembra para *Nós Diario* a súa construción nun momento no que algúns dos temas que trata continúan a ter unha vixencia plena.

[Antón Escuredo](#)

25 de xuño de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/suso-toro-escritor/20260625080609260249.html>

Á espera da súa nova obra, na que está xa a traballar, Suso de Toro ten de novo nas librarías do país a reedición de *Land Rover*, un dos seus clásicos dos anos 80. A novela, finalista do Premio Xerais en 1987, foi traducida a varios idiomas, entre os que se atopan o castelán, o asturiano, o francés e o búlgaro.

—Unha reedición sempre é voltar ao pasado. Non é a primeira vez que chega ás librarías unha obra súa publicada anos atrás. Neste caso, con *Land Rover*, lembra como naceu?

Publicouse en 1988 mais eu xa comezara a escribila e tiña unha primeira versión en 1986, despois de sacar *Polaroid*. Debo explicar como, unha vez está na rúa un libro tan aberto como *Polaroid*, do que agora xa van 40 anos, empezo a escribir *Land Rover*. É un libro moi distinto, aparentemente. Se o primeiro era aberto e construído con fragmentos moi diversos, a outra era unha novela canónica do século XX. Hai saltos no tempo e no espazo, con linguaxes diversas, mais é unha única historia moi trabada, fechada, con lóxica e trágica. Había un contraste.

Polaroid catalizou un público que esperaba algo, que desexaba algo da literatura galega. Había moita xente que estaba esperando algo distinto na literatura galega, que ocorrese algo distinto e que se fixase. Basicamente foi unha xeración. En certo modo houbo quen celebrou a chegada dese libro mais houbo outra que non. Houbo unha reacción en contra por parte de certa crítica. Dalgún modo había quen dicía que non era un libro dun autor serio. Ou que non tiña capacidade como para nomealo como un verdadeiro autor. Creo que por este motivo veu a miña resposta nunha especie de demostración de que se non escribín antes unha novela “canónica” foi porque non quixen. *Land Rover* foi unha resposta a unha parte da recepción de *Polaroid*.

—Contou nalgunha ocasión que escribiu *Land Rover* nunha mesa de cámping e só contaba cun bolígrafo e cun caderno...

Si, é certo. Aínda teño o caderno gardado nunha caixa. É curioso que os libros que escribín despois, e até hoxe, exíxenme moito máis. En *Land Rover* só tiña que inventar, e de memoria, unha historia e uns personaxes. Era algo que podía resolver de maneira doada cun caderno grande e cun bolígrafo.

—A memoria sempre estivo presente na súa obra e *Land Rover* non é unha excepción. Neste caso fala da memoria familiar.

Realmente unha parte da miña obra, da miña vida e da miña elaboración da memoria persoal, en paralelo á obra literaria, ten relación con iso. Coa procura de reconstruír unha memoria familiar que non tiña. De feito outro libro, *Sete palabras*, está dedicado a construír a memoria que non tiña dunha parte da miña familia, da paterna.

—Ademais, introduce na historia a fenda que significou na sociedade galega o Golpe de Estado e a posterior represión. Foi consciente dalgunha maneira de que era unha demanda que tiña a súa xeración?

Remítome aos anos da orixe do conflito, si. Xa en *Polaroid* aparecía nunha parte na que fago unha síntese, un intento de explicar a sociedade galega do momento, rota e confusa, que ten unha porcentaxe de autoodio. Busquei representala. Tamén o fixen en *Land Rover* a través dunha familia en concreto que mostra unha sociedade rota e chea de violencia interna, moi autodestrutiva. É unha visión dura da sociedade galega.

Esforceime nos anos 80 por ofrecerlle ao público lector, nese e noutros libros, unha visión da Galiza distinta da que se quería e lle gustaba representar á literatura galega. Nese momento representábase á sociedade galega como unha vítima. A miña visión é moito máis dura e máis autocrítica. Nese momento a miña obra estaba ao servizo de representar outra visión do noso país.

—Tivo necesidade de encher o oco baleiro que había na literatura galega nese intre en relación a eses anos tan duros?

Xa se empezaba a facer mais o certo é que había un gran descoñecemento. Lembro que cando nos 2000 comezo a traballar en Home sen nome e quero reconstruír a memoria do que ocorreu na miña cidade descubro que practicamente non había documentación. Non se publicara a reconstrución do que ocorrera. Tiven que facer a documentación pola miña parte e informarme. Isto significa que, a principios dos anos 2000, aínda estaba sen facer un proceso que agora, nos últimos anos, si que está máis abordado con solvencia científica. Os procesos históricos, como é este do que estamos a falar de mirar un pasado tan traumático, levan décadas. Naquela época nin tiñamos información como para poder ter unha perspectiva cabal.

—E daquela como fixo sen contar con outras ferramentas?

Remitinme só a un interese particular. Ao final decateime de que, como autor, uníronse en min a literatura e a historia. Eu vivín, historicamente, con conciencia de estar vivindo historicamente sempre. Non se entende a miña relación coa política e cos acontecementos políticos e públicos, sen esa conciencia que xa estaba como militante antifranquista. Iso non me abandonou nos anos 80 cando eu sabía que cando estaba escribindo *Land Rover*, e despois rematar de publicar

Polaroid, ademais dunha tarefa estética, imaxinaba uns personaxes e, ao mesmo tempo, actuaba tamén esa conciencia e ese peso da historia do pasado.

—Falando de autor militante. Abandonou, estes días, a súa conta de Facebook explicando que cando a abriu pensaba escribir nela como autor literario e foille imposíbel. Pode explicar cal é a razón desta situación?

Sentín a presión de moitas persoas que esperan ter opinións de referencia. Quixen ter un lugar nas redes sociais con gran liberdade. Fun perdendo esa liberdade de expresarme como escritor e como individuo. Estamos vivindo, precisamente, un tempo histórico moi agónico, cheo de ansiedade e de preocupación. Sentínme obrigado a seguir facendo o que fixen en anos anteriores de maneira profesional nos medios de comunicación, emitir unha opinión interpretando a realidade, nas miñas redes sociais. Por iso pensei que chegara o momento de parar.

—Semella que a actualidade política galega e internacional manda e non foxe dela.

Si, estamos nun momento en que Puigdemont segue no exilio e, como el mesmo me dixo hai unhas semanas, perdeu xa a esperanza de voltar. Ademais, no intre en que Zapatero —con quen colaborei e que fixo un intento de reformular un proxecto español que permitise a existencia nacional de Catalunya, de Euskadi e da Galiza— está a ser procesado xunto á súa familia.

No seu caso o ataque vai polo que máis doe: que a unha persoa honrada se lle cuestione a honradez. Daquela, o único lugar onde vexo esperanza é na Galiza, curiosamente. Hai neste momento un liderado no [Bloque Nacionalista Galego \(BNG\)](#) que me fai sentir moita confianza na propia sociedade. Hai indicios de que a propia sociedade vai collendo máis confianza en si mesma, non? Mais, fóra diso, o contexto do mundo, como é a crise do imperio norteamericano e o aumento desmedido do poder de Israel sobre os propios Estados Unidos de América, están creando unha situación histórica única.

—Precisamente, a dedicatoria que se atopa nesta nova edición de *Land Rover* ten como protagonista Palestina.

Inicialmente a primeira edición estaba dedicada a Nicaragua, El Salvador e Palestina. Os dous primeiros conflitos resolvéronse dalgunha maneira, mais o de Palestina é unha ferida eterna.

Cando tiña 17 anos promovín unha revista no instituto masculino da miña cidade e publicamos nela unha entrevista á un representante de Al-Fatah. Pasaron máis de cincuenta anos! A historia do pobo palestino é maior que a do Vietnam para algunha xeración norteamericana ou europea. É un xenocidio que se estendeu no tempo, impune.

—Está traballando agora mesmo nunhas “memorias” moi persoais. Pode dar algún adianto de como serán?

A historia da miña vida pública foi vertixinosa. No reconto que fago na miña memoria hai unha cantidade de cousas, nas que me vin implicado, tremendas. Por este motivo necesito deixar cousas atrás. Ten que ser.